

LITERATURA

TEMA 6

A PROSA ENTE 1936 E 1976: OS RENOVADORES DA PROSA (FOLE, ÁLVARO CUNQUEIRO, EDUARDO BLANCO AMOR E NEIRA VILAS)

Ata a década de 1950 o mundo literario galego sobreviviu no exilio. Na nosa terra non existía unha industria editorial galeguista, a situación política impedíao (ditadura, centralismo, persecución lingüística...) Pero os cambios ocorridos contra 1950, a fundación da editorial Galaxia e o esforzo dos autores vencellados a ela , promoverán un renacer da nosa narrativa. Ricardo Carvalho Calero é o autor da primeira novela publicada en Galicia despois da guerra, *A xente da Barreira* (1951).

A partir dos anos cincuenta renace a narrativa en galego, con dúas xeracións de narradores: na primeira xeración destacan especialmente Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro e Eduardo Blanco Amor, e a segunda está formada polos autores da Nova Narrativa Galega. (veranse no tema seguinte)

Cunqueiro e Blanco Amor, que xa escribiran poesía antes de 1936, levan adiante unha renovación da narrativa galega, creando obras moi innovadoras. Para a nosa literatura supuxeron un cambio importante respecto dos escritores da época das Irmandades e da Xeración Nós, porque abandonaron a tendencia doutrinaria predominante que derivaba do compromiso galeguista.

Na narrativa de posguerra perfilanse unha serie de liñas:

O REALISMO POPULAR

Autor representativo: **Ánxel Fole** (Lugo 1903-1986).

Tras a guerra retirouse a vivir a Quiroga, pasando longas tempadas no Incio e na Terra Chá, lugares que aparecen en moitas das súas narracións. Nos anos cincuenta regresou novamente a Lugo, contribuíu á restauración cultural, ingresou na Real Academia Galega en 1963 e continuou escribindo e colaborando na prensa ata a súa morte.

Escrebiu exclusivamente relatos, recollidos en catro libros : Á lus do candil (1952), Terra Brava (1955), Contos da néboa (1973) e Historias que ninguén cre (1981). A maioría están ambientados na montaña luguesa (Courel, Quiroga, O Incio). Nas dúas últimas obras aparecen nalgúns contos ambientes urbanos ou vilegos.

Nos contos Fole emprega as técnicas, os recursos e o tipo de linguaxe das narracións orais.

Características:

- A **ambientación rural e popular**. Fole prefere o conto, sobre todo o **conto contado** (modelo oral) fronte ao conto lido (modelo escrito e literario). Para el é a representación máis xenuína da cultura popular.
- A **localización xeográfica**. Os contos convértense en auténticas radiografías de vilas e comarcas. Deste xeito as terras do Courel, do Incio e do Val de Quiroga aparecen fielmente retratadas.
- O **dialectalismo lingüístico**. Ao tomar como modelo a oralidade, o seu galego está inzado de dialectalismos, vulgarismos, arcaísmos e castelanismos. Fole nos seus contos non fai ningún tipo de selección idiomática de depuración.
- A **sinxeleza argumental**. Fole adopta o papel de simple oínte e transcritor. Están narrados en primeira persoa, seguindo as técnicas antigas dos contacontos que refire a un auditorio próximo feitos dos que foi testemuña. Os temas que trata son tamén da tradición oral: contos de aparecidos, crenzas e lendas populares (meigallos, ánimas, avisos, soños premonitorios...) Neles atopamos a Galicia real (vida, costumes, traballos, festas...) xunto coa Galicia máxica (crenzas, mitos...), acrescentado este último aspecto pola súa afección ás lecturas de parapsicoloxía e temas esotéricos.
- Teñen unha **estrutura sinxela**, cun argumento reducido a unha anécdota desenvolvida en forma lineal. Esta sitúase a cotío en terreos do inexplicable e misterioso, nos lindes entre a vida e a morte, o mundo e o trasmundo, recorrendo á mitioloxía popular para reelaborar lendas de lobos, de aparecidos, meigallos, premonicións, etc.
- O **humorismo**. O humor permítelle a Fole non caer no costumismo no tratamento da mitoloxía popular.

O REALISMO MÁXICO OU FANTÁSTICO.

Concepto co que definimos a narrativa de **Álvaro Cunqueiro**.

Cunqueiro naceu en Mondoñedo en 1911. Estudou o Bacharelato en Lugo, onde se fixo gran amigo de Fole. Nos anos trinta, mentres estudiaba Filosofía e Letras en Santiago,

colaborou coas actividades do Grupo Nós e do Seminario de Estudos Galegos, vencellándose tamén ó Partido Galeguista, segundo el máis polo amor á lingua que por afinidade política. Coa guerra pasou a apoiar a causa franquista. Antes da guerra Cunqueiro escribiu só poesía, só en galego. Despois da guerra o xénero que máis cultivou foi a narrativa, usando tamén o castelán, adicouse profesionalmente ó periodismo e dirixiu durante anos o *Faro de Vigo*. Morreu en Vigo en 1981.

Toda a obra deste autor, tanto a poética como a narrativa e a dramática, presenta un afán innovador respecto á literatura da súa época. Foi un renovador da narrativa de posguerra, contribuíu de forma decisiva a, como el dicía, “sacar o meu idioma do folclorismo tópico das queimadas e das meigas” e a que poidese durar “mil primaveras máis”.

Na literatura galega anterior non houbo nada parecido ás narracións de Cunqueiro. Foi un autor orixinalísimo que pensaba que a literatura debía abandonar a tendencia doutrinaria anterior (a de amosarlle á sociedade que camiño seguir para o futuro de Galicia). Para el a literatura debía poñer en primeiro plano a función poética da linguaxe, debía atraer a atención sobre a beleza formal.

Cunqueiro escribiu seis obras narrativas que podemos clasificar en dous grupos:

1. As novelas:

Son obras cun débil fío argumental e arredor del vanse inserindo unha serie de historias fantásticas, é dicir, non hai un argumento que sexa o centro de toda a narración, o interese está máis nas historias que contan os personaxes.

- En *Merlín e familia* (1955) créase un personaxe da materia de Bretaña, o mago Merlín. Este vive agora retirado no seu pazo das terras de Miranda, en Galicia, e onda el chegan personaxes moi diversos para que resolva os seus problemas. Cada visitante trae consigo a súa historia, e a colección destas historias, narradas por un criado do pazo, é o que conforma a estrutura da obra.

- *As crónicas do Sochantre* (1956) desenvólvese a fins do século XVIII na Bretaña francesa. Narra as peripecias dun músico eclesiástico - o sochantre de Pontivy- que vai tocar nunha carroza ós funerais dun nobre. Monta na carroza e no seu interior atópase cun grupo de personaxes de ultratumba que narran as súas vidas pasadas, mentres atravesan os camiños da Bretaña, coma unha cabalgada da Santa Compañía.

- *Se o vello Sinbad volvese ás illas* (1961) retoma o personaxe do intrépido mariño árabe de *As mil e unha noites*. Pero o Sinbad de Cunqueiro aparece como un vello soñador que agora se atopa retirado en Bolanda, a súa terra natal. Polas mañás coida da súa horta e pasea polo peirao; ás tardes frecuenta as tertulias da fonda. Alí ten que inventar diariamente historias sobre prodixiosas aventuras pasadas. diante de amigos e veciños para manter o seu prestixio. Deste xeito, ao longo da obra vanse integrando numerosos relatos contados polo protagonista, que non distingue os soños da realidade.

Desde o punto de vista temático, hai unha idea que interesa moito ó autor e está presente nas tres novelas: a conciencia trágica do paso do tempo. Vémolos na añoranza do pasado (Merlín), na decadencia (Sinbad) e na morte (O sochantre).

2) Os libros de relatos:

Escola de menciñeiros (1960), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979) son libros que recollen anécdotas de personaxes reais e imaxinarios. Neles Cunqueiro amosa aspectos da psicoloxía do home galego e da mitoloxía popular, con moita fantasía e humor. Cunqueiro parte da realidade cotiá pero nela irrompe constantemente a fantasía. Os personaxes destes contos viven nun lugar e nun tempo reais pero a fantasía, tanto a do narrador como a dos personaxes creados, lévanos a un mundo cheo de historias fantásticas onde podemos encontrarnos con animais que falan, cunha muller que pon ovos, ou con representantes dunha fauna imaxinaria como o Gatipetro.

Características:

- **Mestura do extraordinario e do marabilloso co cotián.** Isto coñécese tamén como a humanización do mito. Nas súas obras as criaturas de ficción –Merlín, Sinbad, Xenebra- viven ao lado das xentes do común e comparten con elas vivencias e traballos.
No mundo máxico e lendario os personaxes protagonistas viven e compórtanse como auténticos galegos do mundo cotián. Deste xeito, os seres máxicos humanízanse, eliminando as fronteiras entre a realidade e a fantasía. Este mundo onde se mesturan realidade e fantasía conecta coa cultura popular galega, por iso os personaxes e os acontecementos que aparecen, as súas actitudes, os diálogos, os escenarios e o humor, nos resultan moi familiares. O extraordinario irrompe constantemente no mundo real. Recrea os vellos mitos orientais, clásicos e atlánticos dun xeito lúdico e adáptaos á realidade galega.
- **Humor.** O choque entre o mundo real e o mundo mítico pode producir o humor en forma de ironía, tenra, grotesca ou anacrónica, pero sempre amable, non humillante para o mito, sempre chea de lirismo. Sinbad é campión no xogo da chapa, dona Xenebra tateaba ao falar e era máis ben gorda e co pelo recollido nun moño, a Merlín enferruxábase os trebellos para practicar a maxia, etc. O humor de Cunqueiro é sempre un humor melancólico, sobre todo cando os personaxes comprobaban que os seus mundos fantásticos, o seu paraíso perdido derrúbase contra a máis dura realidade.
- **Tendencia á disgregación da novela.** As novelas de Cunqueiro constrúense mediante a acumulación de relatos argumentalmente inconexos, ensamblados nunha técnica semellante á das caixas chinesas: cando abrimos unha “historia”, imos atopar dentro outra, que así mesmo encerra outra, etc. Non se pode falar de progresión da narración, nin de relato principal e secundario, dado que cada unha desas historias constitúe un universo autónomo.
- **Predominio da oralidade** no estilo. O seu modelo técnico hai que buscalo, ao igual que Fole no conto tradicional e, mesmo no modo en que a xente relata feitos e anécdotas na taberna ou na sobremesa, con oracións subordinadas extensísimas e o polisíndeto. Pero a diferenza de Fole, Cunqueiro pretendía elaborar un modelo culto de lingua (evitaba castelanismos ou vulgarismos substituíndoos por cultismos ou latinismos).

O REALISMO SOCIAL.

Máximo exponente: **Eduardo Blanco Amor**.

EBA naceu en Ourense en 1900. Na súa xuventude relacionouse con Vicente Risco, que o puxo en contacto coas literaturas europeas. Ós dezanove anos emigrou a Bos Aires, onde dirixiu diversas revistas da comunidade galega e viviu o ambiente literario arxentino, colaborando na prensa bonaerense. En calidade de correspondente viaxou a España en varias ocasións e contactou cos nacionalistas galegos e os poetas españois da xeración do 27. Fixo amizade con García Lorca, a quen prologa os *Seis poemas galegos*. Desde Arxentina defende na prensa a causa republicana durante a Guerra Civil e, ao rematar esta, colabora cos exiliados en actividades de oposición antifascista. Alí desenvolveu un intenso traballo cultural relacionado con Galicia (teatro, radio, conferencias, xornalismo...) En 1962 regresa definitivamente a Galicia, onde morreu en 1979.

Antes da guerra, Blanco Amor escribira poesía con estéticas e temáticas moi variadas (*Romances galegos*, 1928 ou *Poema en catro tempos*, 1931); tamén foi autor teatral, pero é na narrativa onde máis destacará, protagonizando, xunto con Álvaro Cunqueiro, un importante proceso de renovación literaria. As súas obras achegan novidades nas técnicas narrativas, na súa estrutura, nos temas, nos ambientes presentados, nos personaxes...

A esmorga (publicada en 1959 en Bos Aires) inicia o “realismo social” en Galicia.

É considerada pola crítica como o punto de arranque da moderna narrativa galega e unha das mellores novelas da nosa literatura. Nela observamos a asimilación das novas técnicas que marcan a renovación da narrativa do século XX, principalmente o Existencialismo europeo¹ – A. Camus, J.P. Sartre- que logo influíran considerablemente na Nova Narrativa.

A súa narrativa encádrase na liña realista denominada “realismo social”. Nela aparece o mundo urbano, os protagonistas pertencentes ás clases populares ou ós marxinados sociais e ambientes indixentes e mesmo famentos, en consonancia co subdesenvolvemento social e económico da Galicia de principios de século. Ademais explora diferentes técnicas narrativas en cada unha das súas obras (técnica do interrogatorio en *A esmorga* ou o perspectivismo en *Os biosbardos*).

A obra comeza cunha “Documentación” onde un narrador-autor explica cómo chegou a coñecer a historia que vai relatar: os sucesos ocorridos durante un día de esmorga a tres personaxes, “O Castizo”, “O Bocas” e “O Milhomes” e o seu trágico desenlace. O relato propiamente dito é unha transcripción das declaracións feitas por

¹Esta corrente filosófica propón solucións desde a negación dunha forza transcendental ou superior, aos problemas máis inherentes á condición humana, como o absurdo de vivir, a significancia e a insignificancia do ser, o eterno tema do tempo, a liberdade, a relación Deus-home, o ateísmo, a natureza do home, a vida e a morte.

Cibrán, “O Castizo”, ante un xuíz cuxas preguntas non aparecen, deducímolos a través das respostas do acusado. A través do diálogo xordo –técnica telefónica- entre o acusado, protagonista principal, e o xuíz, sen voz nin rostro, sobreentendemos a existencia dunha Xustiza prepotente que actúa e condena de antemán Cibrán é, pois, o narrador dos sucesos que lles ocorreron ós tres personaxes. Durante as vinte e catro horas de esmorga, os protagonistas móvense por diversos escenarios do ambiente urbano e suburbial de Auria (Ourense). Viven diversas peripecias relacionadas coa violencia e o alcohol nunha atmosfera cada vez máis adversa e insoportable que os vai conducindo inexorablemente á traxedia (morte do Bocas e do Milhomes e detención de Cibrán). As intervencións e comportamentos dos protagonistas son os que definen a súa caracterización. Cibrán, mozo ben intencionado pero que carece de vontade, vese arrastrado polo Bocas, violento e de forte personalidade, e polo Milhomes, covarde e efeminado. O medio cento de personaxes secundarios que tamén aparecen pertencen, case todos, ao mundo marxinal da cidade. O derradeiro capítulo remata de novo coa intervención do narrador-autor que aparecía na “Documentación” inicial, quen deixa ó lector na dúbida de se o Cibrán morre no xulgado vítima das torturas ou se se suicida.

Nesta novela Blanco Amor pon de manifesto o drama do marxinado e ofrece unha visión pesimista do ser humano, que non é dono do seu destino debido ós determinantes psicolóxicos e sociais. Somos testemuñas da autodestrución dos personaxes, coma se estivesen predestinados, guiados por un mal fado, e avansasen irremediabilmente cara ao seu dramático final.

Os biosbardos (1962) é un conxunto de sete relatos breves que presentan uns trazos comúns: están narrados en primeira persoa e os protagonistas son adolescentes; o ambiente é urbano (o Ourense das primeiras décadas do século XX); mostran vivencias que constitúen a esencia da adolescencia: a autoafirmación, a incompreensión, a transgresión das normas dos adultos, a descuberta do sexo... Os protagonistas viven e sofren unha situación social autoritaria, representada polos propios pais, o ensino e a Igrexa, unha sociedade hipócrita moi preocupada polas aparencias.

Xente ao lonxe (1972) está baseada parcialmente en feitos históricos. Constitúe unha visión da sociedade ourensá de principios do século XX e un alegato social a favor dos dereitos dos desherdados. Xira arredor da familia Villar, de clase traballadora e formada por activos sindicalistas, desde o nacemento do fillo máis novo ata a morte do pai, enfermo no cárcere, suceso que acontece cinco anos máis tarde. Está narrada por dous narradores-protagonistas, Suso e Evanxelina, fillos de Aser Villar. Pero a novela non é só unha saga familiar, senón tamén unha crónica social.

O autor ofrece unha visión completa do nacemento do movemento obreiro no Ourense de comezos de século. Na novela están reflectidas todas as clases sociais, e tócanse múltiples temas: a educación, a relixión, a pobreza, a hipocrisía social, o espertar sexual, as loitas políticas, a prostitución, a emigración... Un lugar destacado ocupa o tema da participación social da muller e a súa incorporación ó mundo do traballo: o personaxe

de Evanxelina é o dunha muller que se nega a asumir o rol social feminino. E todo isto vai enmarcado nun contexto social moi preciso, con referencias a moitos acontecementos históricos: Guerra de Marrocos, Semana Tráxica de Cataluña, caída da monarquía en Portugal, etc.

As tres obras presentan características comúns:

- Un mesmo espazo literario : a cidade de Auria, imaxe do Ourense natal.
- As tres están ambientadas entre finais do XIX e comezos do XX, período coincidente coa infancia do autor.
- Introduce personaxes das clases baixas, obreiros, co seu propio xeito de falar.
- Predominio do narrador en primeira persoa, protagonista dos acontecementos que conta. Sensación de realismo nas tres obras.

Blanco Amor ocupa un lugar destacado na narrativa galega tanto pola calidade das súas obras como pola incorporación de novas técnicas novelísticas e porque fai un interesante estudo da condición humana. As súas innovacións na forma e nos temas van ter continuación na década dos 60 cando aparece unha nova xeración de escritores que se deron en chamar *Nova Narrativa Galega*.

A NARRATIVA DE XOSÉ NEIRA VILAS.

Xosé Neira Vilas, malia ser contemporáneo dos integrantes da Nova Narrativa, está bastante afastado deles pola temática da súa obra, aínda que usa nas súas novelas técnicas innovadoras que o aproximan ós escritores deste movemento. Contrariamente a todos eles, reproduce a realidade galega desde unha óptica completamente diferente (socialrealismo).

Alén da súa obra narrativa para adultos, hai que salientar o papel deste autor como pioneiro da literatura infantil en galego, com títulos como *Espantallo amigo*, *O cabaliño de buxo*, *A marela Tarabela*, etc.

Cinco núcleos temáticos.

- 1º.- Obras que xiran arredor da vivencia infantil e do mundo da aldea. *Memorias dun neno labrego* (1961), *Cartas a Lelo* (1971), *Aqueles anos do Moncho* (1977).

Narradas desde a óptica infantil ou adolescente, mostran unha sociedade campesiña marcada pola opresión, a pobreza económica, cultural e ideolóxica: os labores inhumanos, as condicións de miseria, a inxustiza social perante o fillo dos “señoritos”, a frustración da vida escolar, onde non consegue integrarse por falar galego... A través desta mirada observamos que a única saída que ofrece a aldea é a emigración. Obras de grande sinxeleza construtiva.

- 2º.- Narracións nas que o mundo rural é observado agora desde o punto de vista do adulto. *Xente no rodicio* (1965), *A muller de ferro* (1969), *Querido Tomás* (1980).

Ofrecen unha visión do mundo rural, cheo de violencia, degradación e prexuízos dos que a xente non pode escapar.

- 3º.- Narracións centradas no mundo da emigración. *Camiño bretemoso* (1967), *Historias de emigrantes* (1968), *Remuíño de sombras* (1973) e *Tempo novo* (1987). Son obras nas que reflicte a morriña, o illamento, e as dificultades coas que se atopan os emigrantes galegos.
- 4º.- Narracións centradas no mundo urbano, visto desde unha perspectiva sumamente crítica. *O home de pau*. Forman esta obra quince relatos centrados na vida da cidade e nos inconvenientes que nela atopan os seres humanos para a súa realización: masificación, cousificación, soidade, illamento, incomunicación, ruído, acoso publicitario, présa, tráfico, falta de zonas verdes, etc.
- 5º.- Colección de estampas líricas e de semblanzas. *Lar*, *Nai*, *Pan*. Nesta última obra, *Pan*, Neira Vilas ofrécenos de forma densa e sintética un resumo de todo o seu mundo narrativo anterior. Mediante evocacións líricas, cunha técnica e un estilo moi semellantes aos empregados por Castelao en *Cousas*, desfilan unha nutrida galería de personaxes: o cacique, o xornaleiro, o emigrante, o estraperlista, o mutilado de guerra, etc.

Tecnicamente as obras de Neira Vilas caracterízanse pola hetereoxeneidade formal (diario, epístola, conversa dirixida a un suposto oínte ou a ruptura da secuencia temporal con retrospección e contrapunto) e no punto de vista (narrador en 1ª, 2ª ou 3ª persoa).

A obra deste autor pode encadrarse dentro dun realismo crítico con personaxes marcados polo determinismo social. Os protagonistas manteñen unha relación conflitiva co medio debido á opresión que padecen. Reflexiona sobre a explotación das clases máis humildes, o caciquismo ou a incompreensión que sofren os nenos. Denuncia as forzas sociais dominantes como responsábeis das situacións degradadas.

3 Vólvase a ler a guía de lectura desta obra comentada na clase.

[4](#)Blanco Amor, ao igual que Cunqueiro, foron autores bilingües.